

## COMPORTAMENTO

### Curso 2017/2018

**CASO 675/452** Data 26/09/2017

Reclamante: Alumno	Motivo	Sentimento de persecución e acoso por parte dun membro do tribunal durante a defensa do TFG, con trato despectivo, falta de respecto e insidias sobre a verdadeira autoría do traballo, que derivaron no cuestionamento e pregunta directa ao respecto por parte doutro profesor que non participara no tribunal, antes de que se fixesen públicas as cualificacións. Reclamación da cualificación outorgada
Inicio: 27/09/2017		
Remate: 28/09/2017		
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Como queira que o escrito de reclamación ía dirixido ao decano, ao valedor universitario e á Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, notifícolle que o asunto debe ser resolto en primeira instancia no propio centro e que pedirei ao decano que me manteña informado. Coméntolle, igualmente, que se unha vez recibida a resolución sobre a súa reclamación está desconforme con ela, poderá presentar unha reclamación ante o valedor universitario ou un recurso de alzada ante o reitor. O 28/09/2017 envío oficio ao decano para solicitarlle que me manteña informado; o 10/10/2017 recibo unha copia do escrito de resolución que lle foi notificada ao alumno con rexistro de saída do 06/10/2018. O asunto dáse por pechado ao non recibir reclamación nin comentario ningún por parte do alumno.

**CASO 677/454** Data 09/10/2017

Reclamante: Allea	Motivo	Traballadora da Fundación Universidade da Coruña (FUAC) que relata unha situación de acoso laboral que estaría a sufrir nos últimos anos, que a levou a estar de baixa laboral durante un ano e que se estaría a prolongar tras a súa recente reincorporación ao traballo.
Inicio: 09/10/2017		
Remate: 17/10/2017		
	Actuacións	Reitor.
	Resolución	Ao entender que a Universidade da Coruña ten un elevado nivel de responsabilidade sobre o funcionamento da FUAC (nomeamento do xerente, participación no padroado...), e como queira que esta traballadora da FUAC non é membro da comunidade universitaria e, polo tanto, non corresponde ao valedor universitario ocuparse da súa situación, poño o asunto en coñecemento do reitor, solicítolle unha análise por parte da Reitoría e que, en caso necesario, se interveña con todos os medios ao alcance da UDC para poñer remedio á situación. Infórmase á interesada das xestións realizadas e da non admisión a trámite na nosa oficina.

**CASO 692/469** Data 14/02/2018

Reclamante: PDI	Motivo	Denuncia diversas actuacións do decano do seu centro que considera que non son ecuánimes, reflicten algún tipo de animadversión contra a súa persoa e o prexudican.
Inicio: 05/03/2018		
Remate: 29/05/2018		
	Actuacións	Dirección do centro e pescudas.
	Resolución	A queixa desencadéase tras a publicación en redes sociais de chíos en que, a xuízo do interesado, o decano estaría a tomar partido, cualificando negativamente os contidos dun libro do profesor que

---

fora cualificado de sexista nunha publicación nun xornal. O decano tería tamén ordenado á retirada do libro da biblioteca do seu centro.

Tras unha atenta lectura do extenso escrito de queixa do profesor e das alegacións do decano, e tras diversas pescudas que poderían axudarme a clarificar o caso, preparo un extenso informe en que trato de valorar dunha maneira fundamentada e imparcial cada punto de discrepancia entre as partes.

O meu informe, enviado ás partes afectadas o 29/05/2018, remata coas seguintes indicacións:

Gustaríame que ningunha das partes se sentise ofendida polas consideracións que acabo de facer, pois poño por diante que todas as persoas (evidentemente eu tamén) somos susceptibles de cometer erros. Por unha parte, e aínda que a miña análise do sucedido pretende ser detida e calibrada, non deixa de ser unha opinión máis dun compañeiro que, se algún valor adicional pode chegar a ter é o de ter sido forxada desde a independencia, a imparcialidade e a procura da maior xustiza.

A día de hoxe, entendo que o caso está o suficientemente substanciado, sen necesidade de profundar en máis pescudas. Malia a que seguramente persistirán aínda por un tempo algunhas discrepancias, estou seguro de que, cunha actitude positiva e serena por ambas as partes –o que recomendo vivamente–, axiña se recuperará un aceptable nivel de convivencia e respecto mutuo. O asunto non debería ter máis percorrido nin maior alcance.

---

#### **CASO 702/479** Data 22/05/2018

Reclamante: PDI	Motivo	Envía o contido dun correo insultante que lle enviou un alumno e pide a intervención do valedor universitario para que se inicie o procedemento que teña establecido a UDC nestes casos.
Inicio: 23/05/2018	Actuacións	Reitor e secretario xeral.
Remate: 30/10/2018	Resolución	Visto o contido do correo do alumno, envío un oficio ao reitor coa miña solicitude expresa de apertura de expediente disciplinario, toda vez que aprecio que contén numerosas expresións que, a meu xuízo, son totalmente intolerables por resultar altamente ofensivas e vexatorias para calquera docente e máis aínda na súa condición de muller. O 24/10/2018 desde a Asesoría Xurídica da Universidade achégasenos unha copia da resolución reitoral pola que se resolve o expediente disciplinario incoado ao alumno con data 02/07/2018. Infórmase á denunciante.

---

#### **Curso 2016/2017**

##### **CASO 655/432** Data 29/01/2017

Reclamante: Alumna	Motivo	Denuncia a venda de chapas con contido denigrante e ofensivo para as mulleres no servizo de reprografía dun centro e envía fotografías que así o proban.
Inicio: 07/02/2017	Actuacións	Vicerreitora de Ferrol e Responsabilidade Social e directora de Oficina de Igualdade de Xénero.
Remate: 09/02/2017	Resolución	Infórmase á Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social e máis á directora da OIX e solicítaselles que se adopten canto antes as medidas oportunas para impedir a venda desas chapas en dependencias da UDC. O 09/02/2017, a directora da OIX comunicame que falou coa persoa responsable do servizo de reprografía quen, tras pedir desculpas, manifestoulle que ían retirar esas chapas. O que notifico á denunciante ao tempo que lle agradezo a súa

---

**CASO 657/434** Data 28/03/2017

Reclamante: PDI (Director de Dpto.)	Motivo	A directora da biblioteca da facultade dirixe un correo electrónico a todo o profesorado do centro, en que tacha ao PDI dun departamento de irresponsable e non sensato. O correo distribúese desde a conta de correo do decanato. Desde o departamento solicitan ao decano unha desculpa da directora da biblioteca pola mesma canle para reparar o dano causado, mais as desculpas non se producen. Pola contra, a directora envía un correo desde a súa conta á do decanato en que pide desculpas á secretaria do decano e ao decano polos problemas que lles puido causar ao enviar o correo a través do decanato, pero manifesta estar disposta a repetir o que puxera no seu correo, tanto na xunta de facultade como no consello do departamento. Case de xeito simultáneo o director do departamento recibe un correo do decano, quen se desculpa polo erro do envío do correo electrónico e indica que non comparte nin no fondo nin nas formas o seu contido. Desde o departamento, agradecen a mensaxe do decano e pídenlle que difunda o seu correo de desculpa pola mesma canle que utilizou a directora da biblioteca. Ao non haber resposta do decano, por acordo do consello do departamento deciden poñer os feitos en coñecemento do vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, da xefa do Servizo de Biblioteca e do xerente, a quen solicitan que se tomen as medidas necesarias para solucionar a situación. Pasados 22 días sen recibir resposta ao seu escrito, o 28/03/2017 o director do departamento pide a intervención do valedor universitario por medio dun escrito explicativo acompañado da documentación que o sustenta.
	Actuacións	Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia.
	Resolución	Tras analizar o asunto, contacto coa Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia e o 30/03/2017 envío o seguinte escrito ao vicerreitor: <i>Estimado vicerreitor,</i> <i>Acabo de recibir unha queixa do director do Departamento de *** a respecto dunha actuación levada a cabo pola directora da biblioteca da Facultade de *** que estaría a afectar ao seu profesorado (achégase copia).</i> <i>Entendo que o contido do correo dirixido pola directora da Biblioteca a todo o profesorado da facultade o 13 de febreiro de 2017 podería estar a vulnerar algún dos principios e regras de actuación establecidas no Capítulo VI. Deberes dos empregados públicos. Código de Conduta do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, que informarán a interpretación e aplicación do réxime disciplinario dos empregados públicos. Así, coa súa actuación esta empregada pública podería estar a conculcar os seguintes preceptos:</i> <i>Artigo 53. Principios éticos</i> <i>3. Axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración en que presten os seus servizos e cos seus superiores, compañeiros, subordinados e cos cidadáns.</i> <i>Artigo 54. Principios de conduta</i> <i>1. Tratarán con atención e respecto os cidadáns, os seus superiores e os restantes empregados públicos.</i> <i>Pola súa banda, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, recolle supostos tipificados como faltas graves ou leves</i>

---

nos que podería encaixar a actuación da directora da Biblioteca (arts. 186 e 187).

Dado que o asunto está nestes momentos en mans da vicerreitoría, da que depende organicamente o Servizo de Biblioteca, confío en que adoptarán as medidas máis acaídas para reparar o dano incomprensiblemente causado á imaxe do Departamento de \*\*\* pola directora da Biblioteca da Facultade de \*\*\*.

Entendo que abondaría cunha petición de desculpas por parte da directora da biblioteca polo mesmo viero que utilizou para denigrar a imaxe do departamento (remisión de escrito a todo o profesorado do centro). A pesar de que esta vía parece bloqueada, a xulgar polo contido do correo remitido por ela mesma ao decano da facultade o 14 de febreiro, suxiro incidir nela para darlle unha oportunidade de rectificación unha vez transcorrido tempo abondo como para ter reflexionado de maneira repousada sobre o verdadeiro alcance da súa conduta. De negarse a a rectificar o seu comportamento, entendo que debería, cando menos, producirse unha desautorización por parte dalgunha instancia superior mediante un escrito dirixido a todo o profesorado do centro.

Agradézolle que me manteña informado dos pasos dados por esa vicerreitoría de cara a unha xusta resolución do conflito.

Ao non ter noticias sobre actuación ningunha por parte da Vicerreitoría, o 15/05/2017 falo de novo co vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, quen me comenta que a xefa do Servizo de Biblioteca chamara seriamente a atención á directora da Biblioteca. Aproveito para comunicarlle de novo ao vicerreitor que entendo que, se ben non sería preciso abrir ningún expediente, parecía oportuno que, cando menos, se producise unha resposta nos termos en que me referira no meu escrito do 30/03/2017.

---

## Curso 2015/2016

**CASO 634/411** Data 13/06/2016

Reclamante: Alumno	Motivo	Denuncia o comportamento dun profesor, a calidade da súa docencia, os métodos de avaliación empregados e a súa total subxectividade neste proceso.
Inicio: 13/06/2016	Actuacións	Normativa.
Remate: 20/06/2016	Resolución	O alumno reclama tamén noutras instancias. O 20/06/2016 recibo copia dun escrito do director do centro, quen notifica que, con data 14 de xuño de 2016, recibiu unha reclamación do alumno, que considera divisible en dous procedementos diferenciados. Por unha banda, a reclamación da cualificación e, pola outra, a denuncia a respecto de, entre outras, a docencia e a avaliación do profesor. Cumprindo co Regulamento do valedor universitario, procede paralizar as nosas actuacións e así llo comunicamos ao interesado.

---

**CASO 640/417** Data 20/07/2016

Reclamante: PDI	Motivo	Sinala que con ocasión dunha reunión do departamento en que se trataba un cambio no POD debido a unha situación de baixa médica, unha compañeira do departamento puxo en cuestión a veracidade desta, é dicir, a súa honradez.
Inicio: 28/07/2016		
Remate: 10/10/2016		Considera falsa e que non precisa máis comentarios a afirmación que figura na acta da devandita reunión, na que se recolle: "Con motivo do primeiro parte de confirmación da situación de incapacidade laboral da profesora ***, actualmente por un mes, é preciso modificar o POD do profesorado da Área ***. Os outros

---

dous profesores da Área, \*\*\* e \*\*\*, desexan facer constar o seu malestar coa situación creada pola baixa da profesora \*\*\*, que se repite por terceiro ano consecutivo ao inicio do segundo cuadrimestre”.

Sinala que, tras dirixir un escrito ao director do departamento en que se solicita que se inclúa na orde do día dun consello un punto no que se recolla a súa petición de solicitar aos ditos profesores que ratifiquen ou rectifiquen tales afirmacións, o profesor \*\*\* explicou a súa postura, tanto persoalmente como mediante correo electrónico enviado ao director do departamento e considera as súas explicacións completamente satisfactorias; en canto á profesora, comenta que, aínda que subscribiu posteriormente ese mesmo escrito, tamén mediante correo electrónico enviado ao director do departamento, non pode aceptar as “súas” desculpas tendo en conta que a súa actuación no consello foi totalmente distinta e que hai frases do escrito do profesor que ela non pode subscribir por seren contraditorias coa súa conduta no dito consello e que “chove sobre mollado”. Así, na reunión do consello na que se tratou deste asunto a requirimento seu, á cal a profesora non asistiu, pediu que constase en acta que a pesar de que se lle deu a oportunidade de rectificar non o fixo.

Cualifica o incidente de lamentable e moi desagradable, e sométeo á consideración do valedor universitario por se considerar que unha situación deste tipo merece algunha actuación deste órgano.

Actuacións	Dirección do departamento
Resolución	<p>O 28/07/2016 remito un oficio ao director do departamento para informalo da queixa e solicitarlle documentación e información ao respecto. Ese mesmo día remito, tamén, un escrito á profesora cuxo comportamento foi cuestionado para informala igualmente do escrito de queixa, así como do oficio remitido ao director do departamento, ao tempo que lle manifesto o meu desexo de falar abertamente con ela sobre todo o asunto, para coñecer a súa opinión e na procura dunha solución satisfactoria que facilite a convivencia no seo do departamento; coméntolle, así mesmo, que, en calquera caso, se con anterioridade á recepción da documentación do departamento desexa ou prefire remitirme un escrito de alegacións pode enviarmo cando o considere oportuno. Dentro do prazo estipulado, recibo a información e a documentación solicitada. No seu escrito de alegacións, a profesora pon en cuestión, de maneira argumentada, a pertinencia da intervención do valedor no caso, para rematar solicitando que archive a queixa ou, no seu defecto, que pida unha determinada documentación que me indica, relativa aos partes de baixa e alta, e ao encargo e a actividade docente, e que declare entón que o malestar está xustificando e ampare o dereito a expresalo ante o Consello de Departamento ou calquera outra instancia.</p> <p>No informe emitido sobre o caso, o 10/10/2016, recóllese unha serie de consideracións sobre a admisión a trámite e, tras indicar, entre outros, que calquera situación de conflito que fose tratada no seo dun departamento universitario cabe presumir, <i>a priori</i>, que transcende do ámbito persoal e pode ser sometida á consideración do valedor universitario, analízase a información remitida polo director do departamento.</p> <p>A resposta do profesor ao director do departamento recolle: «La mención que se hace en el acta sobre el “malestar de la situación” debe entenderse en el contexto de algunos comentarios hechos coloquialmente en ese punto de la reunión sobre las implicaciones para nosotros (los profesores afectados por la docencia del área) de un nuevo reparto urgente de la docencia, cambios de horario y agenda, atención inmediata a los alumnos, etc. Entiendo que esa debería ser la interpretación del ‘malestar’ que menciona en el acta, ya que no ponemos en duda la honradez de la profesora *** ni de su baja médica, ni por supuesto presentamos en la reunión</p>

---

ninguna queixa formal (ni escrita ni verbalmente, al menos por mi parte) sobre la honradez de la persona de la profesora \*\*\* ni sobre su situación de baja médica»

Pola súa parte, a resposta da profesora cuxo comportamento é cuestionado concrétese no seguinte texto enviado ao director do departamento pouco despois do remitido polo profesor: “Súmome á resposta proporcionada polo profesor \*\*\*, e prégolle que faga o que estea na súa man para que con isto se dea por rematada a cuestión”

Á vista destas respostas, conclúo que “aínda entendendo que, en función da información que lle puidese ter chegado por algún membro do consello do departamento que asistiu á reunión do \*\* de \*\*\*, a profesora \*\*\* puidera cuestionar que a profesora \*\*\* non podía subscribir todo o texto recollido na aclaración enviada polo profesor \*\*\*, a realidade é que o contido dese escrito, incorporado ás actas da reunión do consello de departamento de \*\* de \*\*\* de 2016, borra toda posible sombra ou traza de dúbida sobre a honorabilidade da profesora \*\*\* nas actas do consello de departamento, polo que entendo que o asunto foi tratado convenientemente no seo do departamento e o caso pode darse por pechado, cando menos no ámbito académico.”

O informe remata coas seguintes consideracións:

*“A profesora \*\*\* pode ter a súa opinión persoal sobre a necesidade e a oportunidade ou non dos períodos de baixa médica e reincorporación ao traballo da profesora \*\*\*, pero parece prudente que, salvo que dispoña de probas que puidesen chegar a converter as súas sospeitas en certeza, se absteña de facer calquera tipo de manifestación pública ao respecto.*

*Pola súa banda, á profesora \*\*\* asístelle todo o dereito a defender a súa honra cando considere que foi posta publicamente en interdito. Porén, penso que, con independencia de cal poida ser o contido do manifestado verbalmente pola profesora \*\*\* a respecto dos seus períodos de baixa, o escrito de aclaracións suscrito por ela, cuxo contido se recolle nas actas da reunión do consello de departamento de \*\* de \*\*\* de 2016, disipa calquera sombra de dúbida a respecto do recollido nas actas do departamento de \*\*\* en relación coa súa honorabilidade.*

*Pido a ambas as partes un pequeno esforzo suplementario de contención e xenerosidade polo ben da convivencia no seo do departamento.”*

---

## Curso 2014/2015

**CASO 601/378** Data 23/06/2015

Reclamante: PDI	Motivo	Vulneración dos seus dereitos como profesor. Solicita que se estuden as actuacións (queixas de alumnos e proceder das autoridades académicas) por se puidesen ter como finalidade encuberta a de condicionalo na súa obxectiva valoración do rendemento académico dos alumnos.
Inicio: 07/07/2015		
Remate: 23/09/2015		
	Actuacións	Dirección e Administración do centro.
	Resolución	Co fin de clarificar todos os extremos da queixa, o 07/07/2015, solicito á decana un informe detallado que inclúa toda a documentación que puidese gardar relación co asunto. O 23/07/2015 recibo o devandito informe detallado, acompañado de toda a documentación solicitada. Á vista do escrito de queixa, do informe da decana, da documentación relacionada co caso e da diversa normativa que lle resulta de aplicación, elaboro un informe que remito ao reclamante e mais á decana o 23/09/2015. O informe comeza resaltando algúns aspectos normativos e procedementais máis directamente relacionados co caso, facendo

---

---

referencia ao Sistema de Garantía Interna de Calidade do centro (SGIC), ao Estatuto do estudantado da UDC aprobado polo Claustro Universitario o 29 de maio de 2007, ao Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, ás Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario aprobadas polo Consello de Goberno o 19 de decembro de 2013 e modificadas o 30 de abril de 2014, o 24 de xullo de 2014 e o 29 de xaneiro de 2015, e á Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.

Segue o informe coa análise do caso que se recolle a continuación:

Análise do caso

1.- Contexto

*Todo apunta a que, tras publicarse o día 20 de maio as cualificacións provisionais da proba obxectiva realizada o 15 de abril, produciuse un malestar bastante xeneralizado entre o alumnado, realizando consultas a algúns titores e á decana, presentando queixas ou reclamacións antes da revisión (fixada para o 27 de maio), e acudindo masivamente á revisión na data fixada. A non adecuación das esixencias na parte práctica da materia ao tempo de impartición desta, a tardanza na publicación das cualificacións, e a imposibilidade de recuperar a nota desa parte na data fixada no calendario oficial, centran a maioría das queixas do alumnado. O que parece ser un claro síntoma de descontento cos resultados da avaliación acaba por canalizarse formalmente, nalgúns casos, pola vía do procedemento PA04 do SGIC, o que podería estar a reflectir unha certa teima a represalias -o Anexo02 (Folla de preguntas, reclamacións, suxestións e felicitacións) do documento PA04 non require da identificación de quen formula a pregunta, suxire, reclama ou felicita.*

*Os resultados excesivamente baixos obtidos na primeira oportunidade do curso 2014/15 poderían estar na orixe das accións emprendidas polo alumnado, e o asunto que chegou a explotar nese momento podería mesmo vir arrastrándose de cursos pasados. \*\*\* é, en efecto, unha das materias de primeiro curso que obtivo as menores taxas de éxito e de rendemento nos últimos anos nas diferentes titulacións do centro en que se imparte. Aínda así, os resultados apenas se diferenciaban dos acadados nalgunha outra materia do mesmo curso e titulación, especialmente se temos en conta: a) Que o nivel de coñecementos con que se incorpora o alumnado á materia pode ser moi dispar; b) Que se trata dunha materia en que, no contexto das titulacións en que se está a impartir, cabe presumir que non adoita concitar o interese do alumnado, malia á súa importancia real na súa formación.*

2.- Sobre a tramitación das queixas

*O Anexo02 (Folla de preguntas, reclamacións, suxestións e felicitacións) do documento PA04 non require da identificación de quen formula as queixas ou reclamacións e a decana só tería a obriga de informar da identidade das persoas que reclaman se estas piden obter resposta ou polo contido da reclamación se fai imprescindible a súa identificación para poder ser analizada e respondida polo profesor. Aínda así, debería extremarse a cautela e gozar do consentimento explícito da/o estudante quen, á vista de que no Anexo02 do PA04 non se lle pide máis identificación que un número de teléfono ou de fax ou un enderezo de correo electrónico (salvo que desexe a remisión da resposta por correo ordinario), pode pensar que a súa identidade nunca será desvelada ao profesor.*

*Cumprindo co procedemento establecido, a decana procedeu a identificar o profesor \*\*\* como a persoa que debía atender e dar cumprida resposta ás reclamacións, remitíndollas sen máis filtro que o da súa correcta formulación e sen entrar a valorar a presunción de veracidade ou non do seu contido nesta fase do*

---

---

proceso. Polo seu contido, algunhas das reclamacións requirían de terlle notificado ao profesor a identidade do reclamante. Porén, para responder as reclamacións baseadas exclusivamente no cumprimento ou non do estipulado na guía docente, que afectan a todo o alumnado, non parece necesario proceder á súa identificación.

Na cultura da calidade, e para facilitar as vías de coñecemento de posibles defectos que cumpra corrixir, é importante que todo aquel que queira contribuír se sinta libre de facelo, sen máis constricións que as realmente necesarias. Nas relacións persoais entre diferentes grupos de interese, as teimas, fundadas ou non, constitúen a cotío un freo que, entre todos, deberíamos contribuír a erradicar, procurando un xusto equilibrio entre os dereitos e as liberdades de cadaquén, en aras dunha mellora da calidade docente na universidade.

### 3.- Sobre o dereito a nova data para a revisión do exame

A intencionalidade da norma parece clara no senso de facilitar ao alumnado o exercicio do seu dereito á revisión das actividades, os traballos e as probas que serven para a súa avaliación e a recibiren explicación razoada da cualificación que obtiveron. Así, destaca que o período de revisión establecido deberá garantir que todos os estudantes que o desexaren poidan estar presentes e ver as súas probas, e recolle a obrigatoriedade de facer pública a data, o lugar e o horario para tal fin.

Encaixar o espírito da norma coa fixación dunha soa data non sempre resulta doado e, para evitar problemas e facilitar ao alumnado acudir á revisión, moitos profesores fixan xa máis dunha data e mesmo procuran marcar diferentes franxas horarias. En calquera caso, e aínda que para cumprir coa normativa abonda coa fixación dunha única data para a revisión, circunstancias especiais que xustifiquen a imposibilidade dalgún/ha estudante de acudir á revisión na data fixada poden e deben ser consideradas. Tamén debe verse como algo normal que as/os estudantes acudan ao decanato na busca dunha solución cando, con razón ou sen ela, consideran que non se está a atender axeitadamente os seus dereitos.

Ao recibir unha solicitude formal da alumna \*\*\* para poder revisar o exame da materia (solicitude do 29 de maio de 2015), a decana solicita ao profesor que se atenda esa solicitude e, ante a resposta do profesor indicando que só proporcionará as explicacións pertinentes á alumna en presenza da decana ou de calquera outro membro do equipo decanal, a decana acode á Comisión Académica para dirimir a cuestión. Ante o acordo da Comisión Académica, indicándolle que debe proceder a sinalar día e hora de revisión do exame da alumna, o profesor parece sentirse molesto polo que considera unha desautorización improcedente, e malia a que accede a fixar data e hora, condiciona a revisión a que esta se realice no decanato e en presenza dalgún membro do equipo decanal. O procedemento de base seguido pola decana parece axeitado pero, seguramente queréndose primar o obxecto prioritario (a revisión do exame), non parece terse extremado suficientemente o celo na comprobación de se a alumna fixera realmente todo o posible por acudir á revisión na data fixada; o curso \*\*\* tiña lugar no \*\*\* da Coruña e comezaba ás 16:00h, e a revisión teríase estendido ininterrompidamente entre as 10:00 e as 15:55h. Mesmo considerando prioritaria a revisión do exame, debería terse valorado que o profesor cumprira formalmente co estipulado na norma e que, de concedérselle unha data adicional á alumna en contra do seu criterio, este podería sentirse inxustamente desautorizado diante do alumnado, nun momento especialmente sensible. Resulta, así, comprensible que o profesor, sentíndose forzado a acatar unha decisión que consideraba inxusta, pedira celebrar a revisión no decanato e en presenza

---

---

*dalgun membro do equipo decanal.*

*Á marxe do horario, o criterio da Comisión Académica de aceptar como válido para fixar unha data adicional para a revisión asuntos como a asistencia a un curso \*\*\* promovido pola Consellería de Traballo no \*\*\* parece axeitado. Aínda que o alumnado teña unha dedicación a tempo completo á universidade, parece xusto facilitarlle alternativas para as revisións, non só por causas sobrevidas (accidente, enfermidade...), mais tamén por asistencia a outras actividades (traballo, coidado dun familiar, cursos de formación regulados) programadas sen solaparse co calendario oficial de clases e de exames publicado con anterioridade á formalización da matrícula.*

O informe remata coas seguintes consideracións:

#### Consideracións finais

*As taxas de rendemento (TR= % de alumnos aprobados sobre os matriculados) e de éxito (TE= % de aprobados sobre os presentados) obtidas na materia \*\*\* polos/as estudantes dos graos en \*\*\* na primeira oportunidade do curso 2014/15 son francamente baixas (TR= 21,3%, 14,8% e 18,2%; TE= 28,0%, 20,0% e 22,2% respectivamente). Isto debe ser tomado como un sintoma de que algo está a fallar e de que haberá que buscar algún tipo de remedio, no modo e medida en que isto sexa posible. Aínda tendo presente que unha parte do alumnado podería non sentirse o suficientemente motivado pola materia, e mesmo considerando que o nivel de coñecementos que se está a esixir ao alumnado é baixo en termos absolutos, debemos pensar se aínda así non estará a ser lamentablemente excesivo en termos relativos. Compartámolo ou non, a realidade é que, independentemente da materia de que se trate e do nivel de coñecementos con que se incorpore a ela o alumnado, o sistema de créditos ECTS obríganos a tomar como única referencia unha dedicación total de 25 a 30 horas (25 na UDC) á aprendizaxe por crédito para que un alumno tipo medio poida ser quen de superala.*

*Probablemente a realidade da aula con que se enfrenta a diario o profesor \*\*\* non estea a colmar, nin moito menos, as súas expectativas como profesor universitario, sen dúbida parece preocupado porque o seu alumnado acade uns mínimos esperables para un alumno universitario, e mesmo podería estar xa a tomar axeitadamente como referencia o valor do crédito pero, en calquera caso, os resultados da primeira oportunidade non deixan de sorprender e deberían levar a todos –alumnos, profesor e Comisión de Estratexia e Calidade– a unha profunda reflexión.*

*Cando se implanta un sistema de control de calidade e máis aínda cando, pola súa natureza, se ven implicados directamente nel persoas ou grupos de interese, é fácil que se produzan discrepancias, roces ou mesmo verdadeiras situacións de conflito. Fáltanos costume, pode producirse un certo solapamento con outros procedementos xa implantados, podemos pensar que se están a invadir competencias que sempre consideramos como propias, podemos cegarnos e non estar a ser todo o obxectivos que debéramos, pode faltarnos tacto á hora de comunicarnos cos outros grupos de interese ou mesmo podemos pensar ou pode ocorrer que se estea a facer un uso perverso do sistema. Non obstante, cando o sistema é transparente nada debería preocuparnos, pois todos os membros da comunidade acaban por coñecer os procederes e as razóns que moven a cadaquén.*

*Por moito que o estado de ánimo do profesor \*\*\* puidese estar a verse afectado polos acontecementos no momento de presentar a súa queixa polas actuacións da decana, o xeito en que este a cualifica no seu escrito de queixa parece un tanto excesivo.*

*Profesores e cargos académicos formamos parte dunha administración que, pola súa natureza e funcións, está suxeita con frecuencia a roces e discrepancias entre os seus diferentes grupos*

---

---

*de interese. A convivencia, e mesmo o exemplo ao alumnado, esixennos a todos un esforzo de contención e un exquisito esmero no trato. Confío en que, tras a lectura deste informe, cadaquén valore na súa xusta medida os erros que puidera ter cometido e o teña presente de cara ao futuro.*

---

**CASO 602/379** Data 22/06/2015

Reclamante: PDI                      Motivo                      Remite unha copia dun escrito dirixido á decana e solicita ao valedor universitario que abra, se así o cre necesario, a pertinente incidencia.  
Inicio: 25/06/2015                      Denuncia actuacións doutro profesor que estarían a afectar ao alumnado e outras que lle estarían a afectar a si mesmo, ao tratarse dunha materia compartida.  
Remate: 25/06/2015

---

Actuacións                      Normativa.

---

Resolución                      O profesor acudira previamente á Oficina do Valedor Universitario para relatar os feitos e consultar como proceder. No seu escrito á decana indica que o valedor lle expuxera que lle remitise ese escrito (“me expuxo que lle enviase a Vde. este escrito”), cando o contido do escrito non sempre se correspondía co comentado na Oficina.  
O 25/06/2015 remítole un escrito ao reclamante, co seguinte contido:  
*Para evitar posibles malentendidos, que en nada contribúen a clarificar as cuestións que a vostede lle preocupan, pediríalle que non plasmara vostede innecesariamente por escrito o que sería a súa interpretación dos meus comentarios cando acode a consulta á miña oficina.*  
*Entre outras cuestións, recordará vostede que lle comentei que a parte interesada no asunto que recolle no segundo parágrafo do seu escrito á decana, os alumnos, era quen debía reclamar e que, se como vostede me manifestaba, tiñan algunha teima en desvelar os seus nomes (¡vostede ven de desvelalos no seu escrito á decana!), podían acudir a min para eu mesmo aconsellarlles sobre como proceder.*  
*En canto ás cuestións que puideran afectarlle dun modo máis directo, a recomendación que eu lle fixen foi reclamar ante o decanato, pero non sen antes consultar a guía docente da materia para comprobar cales eran realmente os criterios de avaliación que nela figuraban.*  
*Lémbraelle que, segundo se recolle no artigo 1 do Regulamento do valedor universitario da Universidade da Coruña, o valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria nas actuacións dos diferentes órganos e servizos da universidade e tamén nas situacións de conflito que puideren xurdir entre os propios membros da comunidade universitaria, máis sempre que así for requirido de común acordo polas partes. Así, comunicolle que a miña intervención neste asunto producírase só se tras recibir vostede un pronunciamento do órgano ao que dirixiu o seu escrito, considera que os seus dereitos e/ou liberdades están a ser conculcados.*  
O propio 25/07/2015 o reclamante replica: “Non interpretei nada no meu escrito, só indico que falei con vostede e que me dixo que me puxera en contacto coa decana. Así, dou os nomes dos alumnos e alumnas porque, como xa lle dixen, antes de seren avaliados e avaliadas non querían desvelar a súa identidade. Despois, e xa llo dixen en persoa, si. Como verá no meu escrito, só explico detalladamente os feitos, nada máis.”

---

Reclamante: PDI                      Motivo                      Ao recibir un correo da UADI en que se sinala que a directora do departamento non puido poñerse en contacto con el, solicita que se investigue este comportamento, “o dunha xestora dun departamento universitario que desouvindo calquera tipo de protocolo, non se pon en contacto comigo nin por correo electrónico (conto cunha conta de correo institucional da UDC) nin por teléfono e, de seguido permítese sinalar que lle foi imposible contactar comigo. Ou ben é unha persoa que non sabe desenvolver os seus labores como directora do Departamento ou ben desenvolve unha patente ma fe que se traduce en que eu teña de recibir unha información urxente tarde e, en consecuencia que dispoña de moitísimo menos tempo que outros compañeiras para acometer o meu traballo.”

Solicita a apertura de incidencia e a investigación deses termos.

Actuacións	Normativa
Resolución	<p>Ao día seguinte de recibir a queixa, recibo a copia dun correo que o secretario do departamento dirixe ao profesor e remite tamén a outros órganos de goberno. No correo do secretario detállase e documéntase o reiterado intento de comunicación co interesado a través do correo electrónico; o reclamante figuraba xa entre os destinatarios do correo (venres, 19/10/2015 ás 15:12h) que a propia directora remitira a todo o profesorado do departamento unha hora despois de que lle chegara a solicitude de información por parte da decana (19/10/2015 ás 13:56h). O secretario sospeita que o correo veu devolto porque a conta de correo electrónico do interesado debía estar ao límite da súa capacidade.</p> <p>Tras considerar que o retraso na recepción da información polo interesado non tivo que ver coa Dirección do departamento, o secretario do departamento conclúe o seu escrito manifestándolle ao reclamante a súa consideración de que as acusacións e descualificacións incluídas en dous correos que este lle remitiu están fóra de lugar e que a cuestión se podería terse aclarado de forma moito máis sinxela e directa cunha conversa entre compañeiros, con algo de comunicación e boa vontade. Por último, o secretario manifesta: «Pero como indicas nos teus correos que tes informado desta cuestión ao valedor universitario e “noutras instancias”, é de xustiza que tamén coñezan o noso parecer sobre esta cuestión.»</p> <p>O 25/06/2015 remito un correo ao reclamante para lle manifestar que o asunto que denunciara parecía suficientemente clarificado e aconséllolle unha maior contención na cualificación do labor doutros compañeiros ou órganos de goberno da universidade, ou que, cando menos, antes de formular denuncias ante o valedor universitario, estas veñan precedidas dunha petición de explicacións a quen, ao seu parecer, teña actuado de xeito incorrecto causándolle prexuízos. Comunícolle tamén que, en todo caso, se considera que o asunto que motivou a súa queixa non está completamente clarificado, non dubide en comunicarmo, xuntando, de ser o caso, toda a documentación da que dispoña ao respecto.</p> <p>O reclamante responde o meu correo manifestando que tivo só catro horas para realizar xestións sometidas a prazo mentres que o resto de compañeiros tiveran a información desde o venres día 19, que cre que a Dirección do departamento, en asuntos sometidos a prazo, debe contar con máis recursos para ese tipo de asuntos urxentes, e que se fose outro membro do departamento o que non pode recibir o correo, tería sido chamado por teléfono. Comenta tamén que “a Dirección do departamento debeu procurar outra vía de contacto se o correo non lle funcionaba para transmitirme unha información que estaba sometida a prazo ou termo, e nunca dicir que lle é imposible localizarme, debido ao que isto pode</p>

---

implicar... sen ir máis lonxe, o mesmo luns estiven todo o día na facultade.”

Dado que o reclamante, a pesar de non achegar documentación adicional, incide en que a Dirección do departamento nunca debeu dicir “que lle é imposible localizarme, debido ao que isto pode implicar”, relemos os correos electrónicos cuxa copia nos fora remitida polo secretario do departamento, por se se puidese apreciar algún matiz impropio ou algún comentario fóra de lugar que dotara á reclamación do suficiente fundamento como para ser tratada na nosa oficina, de acordo co artigo 16.2 do Regulamento do valedor universitario. Reproducimos aquí o contido íntegro desas mensaxes:

- Correo remitido pola directora do departamento a unha membro da UADI o luns, 22 de xuño, ás 11:44h: “Como me ha llegado el correo de \*\*\* devuelto te pido que vuelvas a enviar este correo desde la UADI para que quede constancia de que yo informé a todos los interesados en tiempo y forma el pasado viernes en cuanto me llegaron las instrucciones de la Decana.”

- Correo remitido por unha membro da UADI ao profesor reclamante o luns, 22 de xuño, ás 12:20h: “Seguindo instruccións da directora do *Departamento* \*\*\*, e segundo ela declara, ao non lle ser posible o contacto con Vde., reenvíolle o seguinte correo, cos arquivos que se xuntan.”

Ao non apreciar fundamento suficiente na reclamación do interesado, o asunto dáse por pechado sen máis actuacións.

---

## Curso 2013/2014

CASO 530/307 Data 08/10/2013

Reclamante: Allea	Motivo	Quéixase do trato recibido por parte dunha traballadora da universidade á hora de recadar información para os seus fillos sobre as bolsas para o transporte urbano, cuxos prazos cuestiona.
Inicio: 14/10/2013	Actuacións	Xefa da Sección de Bolsas.
Remate: 25/10/2013	Resolución	<p>Solicítaselle á persoa denunciada que presente as súas consideracións/alegacións sobre os feitos que se reclaman, tendo en conta o seu alcance, de terse producido estes tal e como relata a interesada [que al oirme hablar en español no sólo se negó a facilitarme la información solicitada sino que insistió en que se la formulara en gallego, aduciendo que “si estoy en galicia tengo obligación de hablar en gallego”].</p> <p>A traballadora manifesta que os feitos denunciados son completa e absolutamente falsos, que na oficina nunca se lle negou información a ninguén por falar nunha ou outra lingua nin se lle esixiu a ninguén expresarse en galego para ser atendido, pois, de feito, todos os días se atende a ducias de castelanfalantes sen a máis mínima incidencia. A denunciante fora atendida por outros dous compañeiros en español antes de falar con ela e xa lle proporcionaran a mesma información a respecto da convocatoria. A traballadora argumenta que non se extralimitou no uso dos seus dereitos amparados pola Lei de normalización lingüística, os Estatutos da UDC e o Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña, e que foi a denunciante quen, ao transmitirle unha información que non lle satisfacía, quixo iniciar unha discusión polo feito de terlle respondido ao teléfono en galego.</p> <p>Remíteselle á interesada a resposta íntegra da denunciada nun escrito que conclúe coas seguintes consideracións do valedor universitario:</p> <p><i>Como Administración Pública, la Universidad da Coruña debe hacer compatibles el derecho que asiste a administradores y administrados a expresarse en cualquiera de las dos lenguas</i></p>

---

---

oficiales de la Comunidad Autónoma con el derecho que asiste a estos últimos a ser debidamente informados para facilitarles el ejercicio de sus derechos.

Todo parece indicar que fue usted debidamente atendida en castellano en su consulta sobre las becas para el transporte urbano. En cuanto al trato dispensado por la Jefa de la Sección de Becas, su versión y la de ella resultan contradictorias. Sin prejuzgar a quién le asiste la razón en mayor o menor medida, le agradezco el traslado de su queja, al tiempo que le participo que, desde que tengo el honor de ocupar el cargo de Valedor Universitario de la UDC, nunca antes había recibido una queja relacionada con el uso del idioma en la Sección de Becas.

También es cierto que la Convocatoria de ayudas para el transporte urbano para el curso 2013/14 parece mejorable, siendo esta una competencia asumida por el Vicerrectorado de Estudiantes, Deportes y Cultura con el apoyo técnico del Servicio de Estudiantes a través de la Sección de Becas.

Como defensor universitario remitiré un escrito a la vicerrectora de Estudiantes, Deportes y Cultura solicitándole diversas mejoras en la convocatoria para los próximos cursos.

O escrito con recomendacións sobre as melloras na convocatoria de axudas para o transporte urbano remitiuse o 7 de xaneiro de 2014, xunto cunha recomendación de mellora nas convocatorias de bolsas de colaboración en formación complementaria. Reproducimos aquí o devandito escrito:

I.- Axudas para o transporte urbano:

- Incluir un apartado específico en que se detallen os requisitos para poder ser beneficiario dunha axuda, e incorporar nel o que agora figura como un apartado máis ao remate da convocatoria baixo a denominación "TARXETA MILLENIUM".

- No apartado "RESOLUCIÓN" deberían incluírse, cando menos, unhas previsións sobre o prazo para a publicación da relación provisoria das solicitudes concedidas e denegadas.

- Na última convocatoria figura como requisito estar "matriculado no curso 2013-2014 dun mínimo de 30 créditos nunha titulación oficial". Se, como parece ser o caso, o cómputo se fai polo número de créditos para efectos de pagamento de matrícula, sería conveniente sinalar de maneira máis explícita este extremo na convocatoria, e evitar, así, que poidan producirse falsas expectativas entre o alumnado matriculado en materias de plans en extinción sen dereito a docencia, pois a pesar de que no impreso de matrícula lles figura só un crédito por materia (CR: Número de créditos da materia), a realidade é que para efectos académicos o número de créditos que aparece atribuído a cada materia no correspondente plan de estudos non varía.

- Seguramente conviría tamén clarificar se é requisito imprescindible ou non que a matrícula estea plenamente formalizada e que se estea xa en posesión da Tarxeta Millenium antes de que remate o prazo para a presentación de solicitudes, ou se se consideran situacións en que, por algunha razón, poderían aceptarse solicitudes de estudantes que están pendentes dalgún trámite concreto (concesión de praza, traslados de expediente...), e condicionar a concesión definitiva da axuda a un cumprimento ulterior deses requisitos.

- Aínda que non resulte imprescindible, talvez podería aproveitarse para proceder a unha revisión xeral da propia estrutura da convocatoria, co fin de evitar, por exemplo, incluír a Normativa de aplicación no apartado "OBXECTO".

II.- Bolsas de colaboración en formación complementaria:

- Urxe unha nova redacción do apartado "REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES"

[Entre os requisitos das persoas solicitantes figura o de estar matriculado en "Titulacións de segundo ciclo". Tendo en conta o

---

---

*Real decreto 1393/2007, do 20 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, cabería esperar que calquera estudante matriculado en estudos oficiais de mestrado estaría a cumprir coas bases da convocatoria. Así, o art. 8 do referido RD recolle: "As ensinanzas universitarias conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional estrutúranse en tres ciclos, denominados respectivamente grao, Mestrado e Doutoramento..."*

*Todo parece indicar que a intencionalidade da convocatoria non era a de recolleras actuais titulacións de segundo ciclo (mestrados). O rexeitamento das solicitudes podería mesmo atopar un feble apoio no feito de que en caso de que así fose parecería máis lóxico que a referencia ás titulacións de 2.º ciclo se fixera como 3.º punto e non entre as titulacións para extinguir e os graos. Porén, o alumnado actual non ten mesmo por que saber da existencia das titulacións de 2.º ciclo que se recollían no Real decreto 1497/1987 e, pola contra, seguramente coñece que nas convocatorias de bolsas de colaboración do MECD si se inclúen os mestrados oficiais.*

Vistos os resultados, tanto da presente como da pasada convocatoria de bolsas, comprobamos que se rexeitou un importante número de solicitudes de bolsas de colaboración da UDC por parte de estudantes de mestrado, polo que de cara ás próximas convocatorias parecería conveniente proceder a unha nova redacción do apartado REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES.]

---

**CASO 534/311** Data 12/12/2013

Reclamante: PDI	Motivo	Denuncia unha situación de fustrigamento e acoso por parte do director do seu departamento. Segundo relata o reclamante, a súa solicitude para a concesión dun quinquenio foi sometida a votación secreta por unhas acusacións falsas do coordinador dun mestrado e mais por un permiso que non chegara a pedir porque a viaxe en cuestión se producira fóra do seu horario laboral.
Inicio: 20/12/2013		
Remate: 28/04/2014		
	Actuacións	Dirección do departamento, coordinadores de dous mestrados, dirección do centro e Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.
	Resolución	Pasados catro días desde a recepción da queixa, o denunciante remite un novo correo en que anuncia que en maio de 2013 recibira un correo do coordinador do mestrado no que "cun talante ameazador" se lle dicía que había protestas do alumnado por non ter colocadas as cualificacións na porta do despacho. Algo que considera "totalmente falso". Neste correo o profesor alude, tamén, a que a votación para informar da idoneidade do quinquenio se fai dun modo totalmente ilegal, pois tales falsidades non pertencen ao exercicio que abrangue o quinquenio que solicita.  Mentres agardo resposta do director do departamento a un oficio por min remitido o 20 de decembro, e despois de poñer en coñecemento do interesado a recente creación da Comisión Institucional de Mediación, Arbitraje e Conciliación (CIMAC), á que podía acudir directamente de o estimar oportuno (o interesado xa presentara unha queixa por acoso ante o valedor no pasado recente; caso de ref. 480/257), o 27 de decembro recibo dous novos correos electrónicos en que o profesor abunda nas súas denuncias ao director do departamento e ao coordinador do mestrado, e cualifica de abraiante a actuación da decana tratamento do asunto do quinquenio na xunta de facultade.  Cando o 8 de xaneiro se rexistran na Oficina do Valedor Universitario cadanseu escrito de denuncia que foran entregados na Subdelegación do goberno da cidade onde reside o interesado, tómase a decisión de separar o asunto do mestrado nunha peza á

---

---

parte (caso de ref. 535/312).

O 10 de xaneiro de 2014 recibo escrito de resposta do director do departamento e o día 13 solicítolle toda canta documentación estea ao seu dispor en relación coas irregularidades ás que fai referencia no seu escrito, así como un estrato das actas da sesión en que se tratou o asunto do quinquenio. A documentación é remitida polo director do departamento ao día seguinte e o extracto das actas polo secretario do departamento o 30 de xaneiro.

A finais de xaneiro e a finais de marzo (unha vez que o interesado recibe o informe do caso de referencia 535/312), recíbense novos correos electrónicos e chamadas telefónicas do profesor, quen chega mesmo a denunciar que non se lle remite copia do "Informe do director" con anterioridade a ter lugar un consello de departamento.

No informe remitido desde a Oficina do Valedor Universitario aos interesados, á dirección do departamento e a dirección do centro, recóllese un detallado "Relato das queixas e recompilación de documentación", realízase unha extensa "Análise do caso" en que, durante o seu transcurso, o denunciante cuestiona abertamente actuacións do director do departamento, dos coordinadores de dous mestrados, da coordinadora dun itinerario dun destes mestrados e da decana, e preséntanse unhas "Recomendacións" a modo de colofón.

Limitámonos aquí a reproducir este último apartado:

*Ainda que no momento de redactar este informe o profesor \*\*\* xa ten recoñecido o seu quinquenio de docencia e o prof. \*\*\* xa non é director do departamento, a información que fun acumulando ao longo destes últimos anos lévame a pensar que, lamentablemente, pode seguir sendo útil realizar algunhas recomendacións co fin de evitar, na medida do posible, que se reproduzan situacións e comportamentos indebidos como algúns dos que quedan recollidos neste informe. Así:*

*Os órganos de goberno e demais cargos académicos deben extremar o celo na organización e a publicidade das diferentes actividades académicas e de xestión da súa competencia, no control do cumprimento das obrigas de todo o profesorado (asistencia a clases, cumprimento das guías docentes, tutorías...), e en actuar en todo momento de acordo co procedemento establecido.*

*O profesor \*\*\* debe extremar o celo no cumprimento dos seus deberes como profesor titular de \*\*\* con dedicación a tempo completo, e tratar co debido respecto que esixen o decoro e a lexislación aos órganos de goberno, e demais cargos académicos do departamento e do centro.*

---

**CASO 539/316** Data 28/01/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Solicita ser examinado dunha materia por un tribunal imparcial, por inimizade manifesta co profesor. Presenta como xustificación un relato dos graves feitos que terían acaecido con ocasión dun exame e máis unha copia dunha denuncia que el mesmo efectuou na Policía ao día seguinte do exame.
Inicio: 31/01/2014		
Remate: 01/02/2014		
	Actuacións	Secretaría Xeral e dirección do centro.
	Resolución	Tras comentar o asunto co secretario xeral e co decano, comunicase ao alumno que se trataría dunha recusación do profesor da materia segundo o previsto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e que a súa solicitude debe ser presentada ante o decano.

---

**CASO 557/334** Data 20/05/2014

Reclamante: PDI Inicio: 23/05/2014 Remate: 04/06/2014	<b>Motivo</b>  <hr/> <b>Actuacións</b> <b>Resolución</b>	Nas actas dunha xunta de centro, á que non asistira, non se recollen axeitadamente os comentarios que efectuara en relación cun punto da orde do día; os comentarios foron lidos polo secretario do centro e deron orixe a unha certa polémica. Cando na seguinte reunión da xunta de centro intervéñen para pomelo de manifesto e pide que se corrixan as actas, o máximo responsable do órgano retíralle a palabra nun ton autoritario. Ao chegar a rolda de intervencións, ao final da sesión, concédella de novo e cualifica de panfleto o seu escrito. Solicita que se atenda a súa petición de modificación da acta e se tomen as medidas oportunas para evitar que no futuro se sigan producindo comportamentos autoritarios, faltas de respecto e vulneración dos dereitos das persoas.  Dirección do centro.  Tras solicitar por correo electrónico documentación ao interesado, antes de iniciar as actuacións, o profesor comenta que tras falar co secretario do centro chegaron a un acordo sobre a acta, polo que ese tema estaría solucionado, mais no que ten a ver co comportamento do responsable do órgano a queixa segue vixente. Despois de falar co responsable do órgano, este recoñece que o seu comportamento non fora axeitado e amósase plenamente disposto a falar abertamente co interesado para pedirlle desculpas. Contacto co profesor, quen se manifesta igualmente moi receptivo ao diálogo.
---	---	--

**CASO 560/337** Data 27/06/2014

Reclamante: Alumna Inicio: 27/06/2014 Remate: 24/07/2014	<b>Motivo</b>  <hr/> <b>Actuacións</b> <b>Resolución</b>	Logo de repetidas reclamacións de cualificacións, quéixase do distinto trato que considera está a recibir por parte dun docente con respecto ao resto dos compañeiros, o que se vería reflectido nas cualificacións que lle outorga nos exames. Está pendente do resultado dunha reclamación presentada ante a dirección do centro e non ve outra vía máis que a recusación do profesor para poder chegar a rematar os seus estudos.  Dirección do departamento e dirección do centro.  Na véspera da reunión da comisión do departamento que habería de proceder á revisión do exame, o director ponse en contacto comigo e infórmame de que o profesor parece bastante afectado polas actuacións da alumna; coméntame, igualmente, que o profesorado pode estar a percibir que o valedor universitario actúa máis en defensa do alumnado, e fai referencia á miña intervención no caso de ref. 527/304.  Comunícolle ao director que lamento que se teña esa percepción, e que se o profesor está afectado podemos falar abertamente sobre o asunto. Se é a alumna a que está a tratar indebidamente ao profesor, iso podería comprobarse facilmente sen máis que acceder á súa constante demanda de que se lle compare o seu exame co de outros alumnos. A comparación do exame da alumna co dalgúns outros compañeiros, como ela mesma demanda reiteradamente, faríanos saír de dúbidas. O valedor universitario debe velar polas máximas garantías e, de ser preciso, en casos extremos podería mesmo recorrer á axuda dalgún colega doutra universidade na busca dunha avaliación externa, ás cegas, dunha mostra de exames que inclúa o da propia alumna.  Aos poucos días, a alumna contacta coa Oficina do Valedor para nos transmitir o seu agradecemento, toda vez que a súa reclamación se resolveu cunha cualificación de notable alto no canto do 1,5 que lle fora outorgado previamente polo profesor.
--	---	---

**CASO 563/340** Data 11/08/2014

Reclamante: Alumnos	Motivo	Un profesor que lles impartiu tres materias nun grao está a cometer diversas irregularidades, entre elas a de avaliar el mesmo á súa filla.
Inicio: 12/08/2014	Actuacións	Dirección do centro e Secretaría Xeral.
Remate: En curso	Resolución	Ante os feitos denunciados, solicítase informe ao director do centro, o cal xa tiña coñecemento e xa se puxera en contacto coa Secretaría Xeral na procura unha solución. Comunícase ao alumno que, sobre as cuestións relacionadas coa docencia que non foran denunciados no seu momento ante a dirección do centro, xa non procede a súa consideración, e que nos ocuparemos da cuestión da avaliación á filla, comezando por solicitar información e documentación ao centro. Unha vez que se recibe o informe do director do centro e, ao comprobar que o asunto xa estaba en mans do secretario xeral, o 6 de outubro remíttolle un escrito para informalo da denuncia recibida na Oficina e enviarlle o informe da dirección. Solicítolle, así mesmo, que se dean as oportunas instrucións para que se repoña canto antes a legalidade, velando polos intereses do conxunto do alumnado e tratando de evitar que volvan producirse feitos desa natureza. Estase á espera de recibir resposta.

### Curso 2012/2013

#### CASO 484/261 Data 05/09/2012

Reclamante: PDI	Motivo	Solicitud de apertura dun expediente informativo para esclarecer a veracidade ou a falsidade das acusacións producidas contra el por parte dun profesor.
Inicio: 06/09/2012	Actuacións	Reitor e secretario xeral.
Remate: 08/11/2012	Resolución	Remítese ao asunto ao reitor por medio dun oficio no que o valedor universitario, tras recordar a semellanza deste caso co xa denunciado por un alumno contra ese mesmo profesor (caso de ref. 462/239), solicita expresamente que se atenda a demanda do interesado para que se esclarezan os feitos e se adopten as medidas oportunas. Mediante Resolución reitoral do 8 de novembro de 2012, resólvese incoar expediente disciplinario ao profesor pola presunta comisión de distintas faltas disciplinarias. O secretario xeral notifica a resolución reitoral do 18 de outubro de 2013, pola que se declara a caducidade do expediente disciplinario e se procede á apertura dun novo expediente.

#### CASO 491/268 Data 15/11/2012

Reclamante: PAS	Motivo	Non pode desempeñar o seu traballo nas condicións que lle corresponde, pois as funcións e as competencias do seu cargo están a ser absorbidas por quen exerce o cargo inmediatamente superior, que lle retira as atribucións que lle corresponden por razón do seu cargo, lle agocha información fundamental para a xestión que realiza e asemade tenta que quede en evidencia ante os demais coma se fose unha persoa incompetente. Síntese vítima dun acoso laboral e está ao límite das súas forzas.
Inicio: 15/11/2012	Actuacións	Xerencia.
Remate: 27/11/2012	Resolución	Dado que a persoa interesada reclama o arbitrio dos mecanismos necesarios para que se lle garanta o desempeño do seu traballo nas condicións propias do seu cargo, e tendo en conta o estado emocional en que parece atoparse, o valedor universitario realiza unhas pequenas pescudas, comenta o caso co xerente e remíttolle o expediente para que se investigue o asunto e se lle dea unha rápida solución. Finalmente, o asunto queda en mans da Comisión Institucional de Mediación, Arbitraje e Conciliación da UDC

---

(CIMAC), que acorda, entre outras cuestións, realizar unha chamada de atención á persoa que ocupa o cargo superior e modificar temporalmente o lugar de traballo e as funcións que viña desempeñando a persoa reclamante, para lle asignar outras tarefas de xestión de acordo coas directrices que estableza a outra dependencia administrativa.

---

**CASO 493/270** Data 04/12/2012

Reclamante: PAS                      Motivo                      Acoso laboral por parte do superior inmediato. Reiteradas e falsas acusacións de incumprimento de tarefas co ánimo de desgastar a moral e conseguir un sometemento persoal claramente máis aló do ámbito estritamente laboral. Agresión verbal con toda clase de insultos, intimidación e serias ameazas físicas en presenza de numerosas testemuñas.

Inicio: 04/12/2012

Remate: 20/12/2012

---

Actuacións                      Dirección do centro.

---

Resolución                      A dirección do centro confirma a gravidade dos incidentes e informa ao valedor que, tras unha reunión coas persoas implicadas, resólvese que os dous traballadores, con quendas de traballo separadas, se comunicarán a través do decanato para evitar o contacto entre eles e para poder detectar mellor os motivos dos conflitos relacionados co seu traballo diario. Tras a citada reunión, o reclamante remite ao valedor unha solicitude á que acompaña un escrito dirixido ao decanato. Neste último, comprométese a acatar a decisión tomada na reunión de conciliación, ao tempo que se manifesta temeroso de que os feitos poidan volver a repetirse e solicita que, de selo caso, se actúe de inmediato con todos os medios posibles para erradicar o problema. No escrito dirixido ao valedor solicita o seu amparo se desgraciadamente a situación se repite de novo no futuro.

---

**CASO 504/281** Data 04/03/2013

Reclamante: PDI                      Motivo                      Solicitude de defensa ante o acoso dun alumno co fin de conseguir un resultado positivo, sexa este merecido ou non, e en previsión de novas descualificacións gratuítas e gravemente ofensivas.

Inicio: 04/03/2013

Remate: 11/03/2013

---

Actuacións                      Normativa e coordinador do mestrado.

---

Resolución                      O reclamante remite diversos correos electrónicos intercambiados co alumno, en que este último cuestiona abertamente a amplitude e a programación dos traballos requiridos para a superación da materia e mesmo a organización e coordinación do mestrado. O alumno pide ao profesor que teña en conta estas circunstancias á hora de valorar os seus traballos.

Analizada a documentación remitida polo profesor, apréciase que os escritos do alumno teñen un ton certamente reivindicativo pero non necesariamente coercitivo, a non ser que o profesor teña indicios que o leven a pensar que cando o alumno sinala nun dos seus escritos "Me replantearé el canal para estas indicaciones", estea en realidade a ameazar encubertamente co recurso a outras vías que non sexan as previstas na regulamentación ao uso. Tendo en conta todo isto, que o profesor pode replicar ao alumno con argumentos que lle fagan ver o errado das súas apreciacións, que o concepto de ofensa é algo bastante subxectivo, e que as valoracións que o alumno está a facer nos seus escritos non parecen ser constitutivas de ningunha falta punible, a non ser que poida demostrarse que carecen substancialmente de fundamento e que foron realizadas cun ánimo fraudulento co propósito de obter algún beneficio indebido, comunícaselle ao reclamante a non admisión a trámite do caso e a total disposición a reabrilo con base en novos indicios. Ofréceselle tamén ao profesor a posibilidade de falar amplamente sobre o particular e ver de adoptar as medidas

---

---

oportunas, no caso de que, independentemente de calquera outra consideración, se sinta dalgunha maneira ameazado ou acosado ata o punto de non sentirse libre para cualificar o alumno con total obxectividade.

Sucédense novos correos; o 7 de marzo o alumno escribe un longo correo ao profesor con copia ao valedor, e ao día seguinte remite directamente un correo moi longo ao valedor.

O carácter claramente impulsivo dos longos correos do alumno, os numerosos xuízos de valor que verte neles e especialmente a súa pretensión de que se atenda cun trato singular ao feito de que vive a varios centos de quilómetros de distancia, dado que, segundo el, o coordinador do mestrado lle dixera antes de matricularse que podía facelo sen problema, leva ao valedor universitario a intervir e remitir ás partes un escrito cun conxunto de consideracións co fin de tratar de reconducir as discrepancias manifestadas polas canles e cos modos máis axeitados.

---

**CASO 515/292** Data 22/05/2013

Reclamante: Alumna	Motivo	Trato que lle dispensa un membro do PAS cando acode á administración para solicitar información e entregar documentación. Solicita que esta persoa mellore o trato persoal co alumnado e que, de sentirse incapaz de levalo a cabo, sexa destinada a outro posto que non implique atención ao público.
Inicio: 30/05/2013		
Remate: 26/06/2013		

---

Actuacións	Sección de Estudos de Doutoramento.
------------	-------------------------------------

---

Resolución	Tras recibir o informe da responsable da sección, mantense unha reunión coa persoa denunciada. O contido do informe, o intercambio de opinións e as pescudas realizadas polo valedor, levan á conclusión de que a persoa en cuestión desenvolve eficazmente o seu traballo, e que se, en ocasións, o seu trato puidese parecer inadecuado, parece tamén disposta a rectificar de inmediato ou a aceptar con normalidade un cambio de interlocución cando o interlocutor que así o percibe llo fai saber dun modo directo. A responsable da Sección manifesta que sempre están abertos á crítica, e agradece a remisión da queixa, ao considerar que sempre hai aspectos mellorables que convén coñecer para enfrontalos cunha aptitude positiva. Remítese informe ás partes.
------------	--

---

**CASO 522/299** Data 19/06/2013

Reclamante: Rep. de estudantes	Motivo	Poñen en coñecemento a denuncia do alumnado da titulación ante actividades irregulares dun profesor e solicitan que se investigue o caso.
Inicio: 21/06/2013		Unha persoa coa que o profesor mantén unha relación de carácter sentimental está a impartir aulas particulares da mesma materia da que el é responsable. Grazas a esta relación, ten acceso ás correccións das probas e emprégaas no seu negocio, ademais de transitar polo centro con total acceso á aula e ao despacho do profesor.
Remate: 16/07/2013		

---

Actuacións	Dirección do centro e dirección do departamento.
------------	--

---

Resolución	Tras conversar co director do centro e co director do departamento para se interesar polo caso, o valedor solicita a este último que lle remita a súa valoración dos feitos denunciados e as medidas adoptadas. O director do departamento informa de que, xa con anterioridade á denuncia, o profesor puxera no seu coñecemento as dúbidas que a súa relación sentimental estaban a suscitar sobre o seu proceder profesional, e ofrecérase a acatar calquera medida que se considerase oportuna. Sinala, así mesmo, que a pesar de que non
------------	---

---

---

se apreciou incumprimento de legalidade, nin consta ningún feito que faga dubidar da actuación do profesor, o desexo de todos de evitar calquera posible conflito de intereses e eliminar calquera dúbida sobre o seu proceder, levounos a acordar que se evitarían os solapamentos entre as actividades profesionais destas dúas persoas. Isto materializouse no POD do próximo curso, no que o profesor participará noutras materias de grao, entre as que non se atopa a materia en cuestión.

De todo isto notificase aos representantes do alumnado.

---

## Curso 2011/2012

**CASO 462/239** Data 31/01/2012

Reclamante: Rep. de alumnos      Motivo      Solicitud de que se inicie un expediente sancionador e disciplinario a un profesor para que deixe de ser docente na Universidade da Coruña. Alega ataques, injurias e calumnias tanto públicas como por escrito, que se terían producido nos últimos anos por parte do docente, dirixidas á súa persoa e ao resto da comunidade universitaria, o cal provoca ao mesmo tempo unha imaxe lamentable da universidade.

Inicio: 09/02/2012

Remate: 16/02/2012

---

Actuacións	Dirección do centro, dirección do departamento e reitor.
Resolución	O reclamante acompaña o seu detallado escrito de denuncia con documentación de apoio. Diante da gravidade dos feitos denunciados e co fin de facer unha primeira comprobación da súa verosimilitude, decídese sondar a opinión daquelas persoas que, en razón do seu cargo, coñecen de primeira man a actitude e o proceder do reclamante e mais do denunciado. Así, o valedor universitario réunese conxuntamente coa dirección do centro e a dirección do departamento para analizar polo miúdo o contido do escrito de denuncia e que tivo como resultado a corroboración dos diferentes extremos da queixa. É máis, cando menos unha parte dos conflitos estarían documentados, por se produciren no ámbito do departamento ou do centro, e abundante documentación estaría xa en poder da Reitoría. Con eses indicios, o 16 de febreiro de 2012 o valedor universitario decide enviar o expediente ao reitor e solicitarlle a apertura de dilixencias informativas e, no seu caso, a instrución de expediente, sempre actuando coa máxima prudencia e mesmo analizando o grao de consciencia do denunciado sobre o alcance das súas actuacións, na procura dunha axeitada reparación dos prexuízos que as súas actuacións puidesen ter causado, e máis de poñer freo a comportamentos que estarían a danar moi seriamente as persoas, os órganos e a imaxe da institución.

---

**CASO 466/243** Data 20/02/2012

Reclamante: PDI      Motivo      Irregularidades no departamento: denuncia ilegalidade no proceso de selección dun bolseiro e solicita opinión sobre supostas irregularidades cometidas no departamento que lle estarían a afectar e que pensa que poden constituír acoso laboral.

Inicio: 23/02/2012

Remate: 25/06/2012

---

Actuacións	Normativa, Asesoría Xurídica, Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, e Vicerreitoría de Investigación.
Resolución	Ao ter xa reclamado a suposta ilegalidade ante o reitor, comunícaselle ao reclamante que o valedor universitario non pode intervir nunha reclamación que está pendente de resolución por outro órgano. No relativo aos aspectos sobre os que solicita opinión, pídeselle información adicional que permita analízalos en profundidade. Unha vez que se recibe a información –verbo da posibilidade de

---

---

estar a sufrir acoso laboral–, encadéanse unha serie de respostas e novas preguntas/sospeitas de irregularidade cometidas no departamento e, especialmente, por parte do seu director. Desde a Oficina do Valedor Universitario vaise dando resposta paulatina a cada cuestión do reclamante e indícanse as fontes ás que el mesmo podería acudir directamente para informarse, até que finalmente se lle lembra que o profesorado debería coñecer as normas básicas que rexen o funcionamento do consello de departamento e da xunta de facultade, para poder así contribuír á mellora do seu funcionamento e, chegado o caso, defender mellor os seus dereitos. Transcorridos apenas dous meses, o reclamante volve efectuar consultas sobre vellas e novas supostas irregularidades. Tras lles dar resposta e pedirlle que el mesmo vaia documentándose sobre os asuntos que lle preocupan, o valedor invítalo a unha reunión para falar amplamente sobre a súa situación no departamento se así o estimar oportuno. A reunión prodúcese o 25 de xuño de 2012 na Oficina do Valedor Universitario e o reclamante comunica que presentará unha queixa formal por presunto acoso laboral ante esa mesma oficina. [Este caso ten continuidade no caso cuxa referencia é 480/257, pois finalmente a queixa presentouse con data 17 de xullo de 2012].

---

**CASO 470/247** Data 20/02/2012

Reclamante: PDI	Motivo	Denuncia unha serie de irregularidades por parte dun profesor e solicita que o alumnado sexa aconsellado tocante ás actuacións dese profesor, que estaría a actuar fóra da norma. Comenta supostas irregularidades que se estarían a cometer no departamento a que pertence e pide consello ao respecto.
Inicio: 23/02/2012		
Remate: 15/03/2012		
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Infórmaselle de que as consultas sobre as actuacións do profesor que estarían a afectar ao alumnado xa foran efectuadas por representantes do alumnado, aos cales lles fora proporcionada a información que demandaban como parte interesada. Sobre as supostas irregularidades que lle estarían a afectar directamente, proporciónaselle información sobre diversas normativas co fin de que valore, con fundamento, en que medida se trata de actuacións irregulares e en que medida dun descoñecemento da norma pola súa parte.

---

**CASO 480/257** Data 17/07/2012

Reclamante: PDI	Motivo	No departamento prodúcense unha serie de feitos que lle afectan e que considera poderían constituír acoso laboral cara á súa persoa por parte da dirección do departamento.
Inicio: 26/07/2012		
Remate: 16/10/2012		
	Actuacións	Dirección do departamento e Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.
	Resolución	Tras informar da queixa ao director do departamento, este achégase primeiro á Oficina do Valedor e pasados uns días entrega un escrito de alegacións en que dá resposta a todos os puntos do escrito de denuncia, ao tempo que achega copia de diversos documentos acreditativos e pide ao valedor que dea unha rápida lectura do escrito por se precisase dalgunha outra aclaración. Como queira que os dous asuntos máis recentes que o reclamante recolle no seu escrito de queixa estarían xa resoltos, o director amósase disposto a dar por pechado o asunto na procura dunha normalización da convivencia no seo do departamento, sempre que o profesor retire a acusación de acoso laboral, que lle resulta

---

---

intolerable.

O valedor universitario mantén unha nova conversa co reclamante, amósalle o escrito de alegacións do director do departamento (que rexeita ler) e faille extensiva a súa petición de dar por pechado o asunto, coa retirada da acusación por acoso laboral e cun compromiso de transparencia, lealdade e bo entendemento entre as partes en todo o que atinxe ás súas relacións profesionais como membros do departamento. O reclamante segue a considerar que existe acoso laboral e manifesta que non está disposto a retirar a acusación, aínda que si a deixar pasar o asunto pensando máis no inmediato futuro. Considera que non hai transparencia no manexo das contas do departamento e indica que ten solicitado acceder a elas sen obter un resultado positivo. Aínda que o reclamante non achega proba documental da solicitude que di ter efectuado ao departamento, o valedor ofrécese a proporcionarlle información sobre o importe das diferentes partidas que chegan ao departamento e especialmente dos ingresos producidos en concepto de "Producción científica" e a súa contribución a eles. A dita información seríalle remitida con posterioridade ao informe. Este informe consiste nun breve relato dos feitos e nunhas recomendacións concretas ás partes en conflito, tanto no que se refire aos asuntos económicos como á participación do profesorado en comisións e tribunais. Precedendo ás recomendacións, sinálase o seguinte: "Dado que ambas as partes parecen dispostas a mirar cara ao futuro, entendo que a adopción duns simples acordos polo departamento sobre estes dous aspectos podería contribuír notablemente a unha mellora da convivencia no seu seo".

---

## Curso 2010/2011

### CASO 399/176 Data 22/12/2010

Reclamante: PDI	Motivo	Conflicto con profesores, solicitude de amparo e de incoación de expedientes.
Inicio: 30/12/2010	Actuacións	Normativa.
Remate: 30/12/2010	Resolución	Non se admite a trámite por terse iniciado un procedemento administrativo.

### CASO 410/187 Data 02/05/2011

Reclamante: PDI	Motivo	Acoso laboral.
Inicio: 03/05/2011	Actuacións	Administración do centro e Servizo de Organización Académica.
Remate: 04/05/2011	Resolución	Non se admite a trámite por terse iniciado un procedemento administrativo. Remisión de escrito ao reitor en que se lle manifesta a posta a disposición para mediar na resolución do conflito se así o estimar oportuno.

### CASO 417/194 Data 07/06/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Acoso con repercusión en cualificación pasada, previsible repercusión en cualificación próxima e clara afectación persoal.
Inicio: 07/06/2011	Actuacións	Asesoría Xurídica.
Remate: 28/07/2011	Resolución	Ao non ter presentado un recurso en tempo á primeira cualificación, e toda vez que a reclamante recibe, sen intervención ningunha, a elevada cualificación á que cría ter dereito para a segunda, infórmase de que, de considerar que o acoso persoal persiste, pode presentar un escrito motivado de denuncia perante o reitor, o que levaría á práctica das correspondentes dilixencias informativas para analizar os feitos denunciados.

**CASO 424/201** Data 01/07/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Claro descontento co ensino de dúas materias dun mesmo departamento, alegando completa insuficiencia do ensino impartido para acadar o nivel esixido nas probas. As prácticas non se focalizan na aprendizaxe e á hora da verdade non son máis que unha corrección do formato de presentación dun libro. Trato vexatorio aos estudantes, mesmo facendo alusión directa ao físico da reclamante.
Inicio: 05/07/2011		
Remate: 07/07/2011		
	Actuacións	Análise da solicitude.
	Resolución	Tras comunicar á reclamante a admisión a trámite e que, dado o carácter persoal da súa reclamación, sería preciso dar o seu nome durante a súa tramitación, a reclamante remite un escrito en que solicita a paralización da súa reclamación ata novo aviso.